



“Obras absurdas, pensadas coa mentalidade colonial do franquismo, tamén se fan agora”

- [Montse Dopico](#) 27, xuño 2012

Ler *Iria* é vogar. Mergullarse no vocabulario mariñeiro. Remar nun océano de historias, de voces múltiples. Ir e vir entre relatos de afogados e de superviventes. Coa procura da liberdade como buxola. Anxo Angueira volve homenaxear a navegación, e a terra de Iria, na súa nova novela. E faíno, -explicao el mesmo-, cavando outra vez na foxa da memoria. En *Pensa Nao* atopara nela o movemento asociativo da sociedade labrega da Segunda República e a súa destrución polo golpe franquista.

En *Iria* (Xerais) deu coa resistencia antifranquista organizada desde o nacionalismo nos anos 60. Unha muller, María, implica o galeón *Iria* na singradura da loita contra a ditadura. Mentras os obreiros dun canal de regadío construído en terra de choiva por decreto da autoridade colonial preparan unha folga para defender os seus dereitos. O resto é música. Ondas que soben e baixan. Navegar.

Chega *Iria* despois de *Pensa Nao*. Non deixa de ser curioso que, sendo ti de interior, lle concedas tanto protagonismo nos teus libros á navegación... Si, os barcos son unha obsesión particular miña desde que comecei a escribir, xa desde *O Valo de Manselle*. En *Pensa nao* están xa desde o título e a portada. É certo que eu son de interior pero na miña aldea vía barcos polo río, e ese mundo sempre me resultou moi atractivo. Quedei con esa paisaxe da navegación polo Ulla.

O galeón *Iria* é protagonista da historia, tanto como ese catálogo de afogados que poboan boa parte das páxinas da novela...

Hai tres liñas principais. Unha é a do galeón *Iria*, coa historia do patrón, o mariñeiro e o rapaz; e María, que é unha activista da Resistencia antifranquista. Outra historia paralela é a da construción do regadío, cun protagonista colectivo formado por moitas personaxes. E despois está o mundo dos afogados, que son reais, aínda que as súas historias están literaturizadas. Hai no libro unha poética xeral de cavar na foxa común, que é a Historia. Nesa foxa común está o mar, os afogados, o vocabulario mariñeiro, ou a náutica tradicional, que tivo que vir un antropólogo sueco, Staffan Mörling, para recuperala.

E tamén están os acontecementos históricos da organización da Resistencia antifranquista dos últimos anos 60. No 67 apareceron pegados por todo o país uns colantes que poñían *Libertade*

pra Galicia. E no 68, polo 25 de xullo, na Concentración Nacional en Compostela, foi despregada diante da Policía e dos militares unha pancarta na que se podía ler *Galiza Ceibe e Socialista*. O canal de regadío foi unha obra absurda, proba da mentalidade colonial do franquismo, pois podía ter sentido en Extremadura, pero non aquí. Construíse e non chegou a usarse nunca. A folga da que falo na novela existiu tamén de verdade.

Escribiches moitas historias de procura da liberdade. *Iria* é metáfora da singradura dun pobo que comeza a organizarse contra a ditadura. En *Pensa Nao* falabas da rica vida asociativa, sindical... do rural na Segunda República, e de como o golpe do 36 acabou con todo iso. Pero xa en *A morte de A*. había unha moza comprometida na Resistencia...

É certo, só que muda o tempo. En *A morte de A* son os anos 70, e en *Iria* os 60 e os comezos da resistencia organizada do nacionalismo galego. *A morte de A*. podería considerarse un ensaio de *Iria*, nese sentido, pois tamén é unha novela cun fondo histórico, pero máis curta. Son historias de xente que loita pola liberdade, que é represaliada, que sobrevive... En *Pensa Nao* matan a Camoiras, pero Amaro e María conseguen fuxir, navegando.

Coincide o nome desa protagonista feminina, María, en *Pensa Nao* e en *Iria*...

Si. Son dúas mulleres cun protagonismo activo. O da María de *Iria* é un protagonismo político, pois ela é membro da Resistencia e é ela quen envolve o *Iria* nesa loita pola causa. Contrasta nese sentido con Lens, o patrón, que está atrapado nas pantasma do pasado.

Hai moitas chiscadelas en *Iria* á literatura e á música. Letras de cancións convértense en parte dos diálogos. Por que?

Hai, sobre todo, dúas cancións protagonistas. Unha, a *Alborada*, asociada ao mariñeiro, Miguéns, e, outra, o *Venceremos nós*. E tamén ten moita presenza Bob Dylan, coa letra de temas como *Just like a woman*. A música xa tiña importancia en *Pensa Nao*, e en *Iria* ten máis. A música, e o ritmo, son moi importantes na miña literatura. Tanto na poesía como na narrativa representamos unha paisaxe a través da palabra. E para min é moi importante a paisaxe: o río Ulla que sobe e baixa, as brañas de Laiño, a Terra de Iria, Arousa... Interésame moito a substancia física das palabras, o seu corpo.

De feito, sobre todo nas primeiras páxinas, o libro parece estar concibido para a lectura pausada en voz alta. É como ler poesía, con esas aliteracións...

Poderíase ler en voz alta, si, con todas esas voces que nos veñen ao cerebro ao ler. Ese é tamén o motivo de que a novela estea chea de personaxes, de voces distintas. Cada voz co seu corpo, o seu ritmo, as súas pausas, a súa entoación, a súa música. Busquei iso, por exemplo, nesas múltiples historias de afogados que conto. Hai no libro documentación sobre os afogados, e sobre os feitos históricos que aparecen de fondo.

Citas, por exemplo, a detención de Ferrín. Como foi o proceso de busca?

Pois o dos colantes de *Libertade pra Galicia*, con deseño de Reimundo Patiño e impresos por Bautista Álvarez hai fontes orais que o lembran, como o propio Bautista. Foi un golpe de efecto moi grande. Hai unha alusión a esta historia, por certo, no *Vietnam canto* de Uxío Novoneyra. O do 25 de xullo tamén cho contan fontes orais. María Xosé Queizán conseguiu facer unha foto da pancarta. Foi algo extraordinario: facer aquilo estando Compostela tomada pola policía e o exército. Tamén me documentei con libros, claro.

Na historia da construción do canal de regadío hai unha reflexión sobre as actitudes das distintas clases sociais cara ao franquismo. O enxeñeiro está moi orgulloso dunha obra inútil, como da desecación da lagoa Antela ou do embalse de Castrelo de Miño. Pero os encargados locais non están tan convencidos: como Antonio, que é tan afeccionado á lectura.

O enxeñeiro sería máis, si, o franquista convencido. O capataz, Manoel, é máis símbolo do autoodio. Que a obra era absurda era de sentido común. A xente sabía que era unha parvada, pero creaba postos de traballo, e iso era o único bo que tiña. E obras absurdas, pensadas con esa mesma mentalidade colonial do franquismo, tamén se fan agora. Só temos que pensar no AVE. A cuestión é que hai empresas que se benefician de facer obras inútiles. Lembra o aeroporto de Castellón...

"Todas as obras históricas, mesmo as de ciencia ficción, falan do presente"

***Iria* está ambientada nos 60, pero en todo momento fainos pensar na actualidade, de feito...**

É que todas as obras históricas, mesmo as de ciencia ficción, falan do presente. Igual que facía *Pensa Nao*, con esa visión do labrego asociado da Segunda República. Unha novela ambientada no pasado non é só unha reconstrución do pasado, senón un intento de aplicala ao presente. Se falo da nosa riqueza náutica tradicional, na que somos unha potencia, é tamén porque non podemos consentir que esmoreza. É unha chamada de atención ao presente, como a que fai a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.